

DECRETO

Expediente núm.: 18/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Festas (Planificación, Organización ou Celebración)

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Expte: 18/2026

Asunto: VIII FEIRA QUEIXO MOECHE

Festas (Planificación, Organización ou Celebración)

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

1 A feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. A "**VIII Feira do queixo de Moeche**" terá lugar o día **15 de marzo de 2026** no recinto feiral do Concello de Moeche.

2. Debido á gran afluencia de postos, e para os efectos da súa ordenación no espazo habilitado para a súa celebración, é necesaria a aprobación dunha bases de participación.

De conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLUCIÓN

RESOLVO:

1. Aprobar as bases de participación e o modelo de solicitude da "**VIII Feira do queixo de Moeche**" que se achegan como anexo.
2. Destas bases darase publicidade para o coñecemento xeral na páxina web www.moeche.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9MTFGMIDJWJX475GJ63HJWSJT
Corrección: <https://moeche.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



ANEXO I

Bases de participación na "VIII Feira do queixo de Moeche"

1. A feira do queixo de Moeche é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. A "**VIII Feira do queixo de Moeche**" terá lugar o **15 de marzo de 2026 todo o día** no recinto feiral do Concello de Moeche.

2. As persoas interesadas en participar deberán solicitar a súa inscrición a través da sede electrónica do Concello de Moeche <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0> . O **prazo de inscrición vai desde o día 26/01/2026 ao 08/02/2026**. Confirmaráselles a súa participación a través do enderezo electrónico que indiquen na solicitude. As solicitudes serán atendidas por orde de chegada, tendo preferencia as queixerías que participasen noutras edicións e dentro destas as que o fixesen de forma contínua. Se é a primeira vez que asiste, deberase achegar coa solicitude unha copia do rexistro sanitario dos seus produtos.

As solicitudes de participación do resto de postos de alimentación serán atendidas por orde de chegada, tendo preferencia os postos que participasen noutras edicións e, dentro destas, as que o fixesen de forma contínua.

Dado que o espazo dispoñible é limitado, na selección dos postos poderanse limitar o número de postos dun mesmo tipo de produto co fin de garantir unha oferta variada e de calidade. En todo caso, aplicaranse os criterios de preferencia establecidos anteriormente.

3. Establécense as seguintes cotas de inscrición na "**VIII Feira do queixo de Moeche**":

Segundo o posto	Cota
Queixerías (postos nave principal)	30 €
Resto postos alimentación (mel, pan,etc) (carpa exterior)	20 €

Quedan **excluídas do pagamento da cota** de inscrición a queixería convidada e os postos que pertencen ao Mercado de Deputación convidado.

A cota inclúe o dereito a participar, a mesa e mostrador para exposición, e de ser necesario electricidade (deberase indicar na solicitude).

A cota deberase pagar na Casa do Concello ou na conta bancaria **ES65 2080 0210 1731 1000 0016**, dentro do prazo de inscrición, e **nunca antes de confirmarlle a participación**. No pagamento deberase facer consta nome e apelidos da persoa participante e nome da queixería ou entidade

4. As entidades colaboradoras estarán exentas do pagamento da cota de participación

5. Os e as participantes na "**VIII Feira do queixo de Moeche**" comprométese a asistir o día **15 de marzo de 2026**, a teren o seu posto aberto en horario de atención ao público de 10:00 a 18:30 horas e comprométese a coidar a presentación do seu posto e do seu produto durante toda a xornada

6. O recinto estará aberto para montaxe dos postos desde as 08:00h.



ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

VIII Feira do Queixo de Moeche

15 de marzo de 2026

Prazo de inscrición: do 26/01/2026 ao 08/02/2026

Pola presente solicito ser admitido/a como participante na "**VIII Feira do queixo de Moeche**", e **comprométome** a asistir o día **15 de marzo de 2026** e ter o meu posto aberto en horario de atención ao público de **10:00 a 18.30 h.**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos:

En representación da empresa/entidade:

DNI / CIF:

Enderezo:

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

NECESIDADES TÉCNICAS

Precisa subministración eléctrica:

SI NON

PARTICIPACIÓN NA CATA DE QUEIXOS

Estou interesado/a en presentar un dos meus queixos na cata oficial da feira.

Descrición e nome do queixo:

.....
.....

INFORMACIÓN IMPORTANTE

A **Feira do queixo de Moeche** é unha cita que pretende fomentar o consumo e a cultura do queixo, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. **Por este motivo pregamos aos participantes que coiden a presentación do seu**



posto e do seu produto. Salvo que se notifique con antelación o contrario por parte do interesado, cada participante terá a súa disposición unha mesa para a colocación dos produtos. O recinto estará aberto para a **MONTAXE DE POSTOS** a partir das 8.00 h.

A inscrición deberá realizarse a través da **sede electrónica do Concello de Moeche:**

<https://moeche.sedelectronica.gal/info.0>

Unha vez confirmada a inscrición por parte do Concello de Moeche, deberá facerse efectivo o **pagamento** da cota correspondente á participación na seguinte conta bancaria:

ABANCA – ES65 2080 0210 1731 1000 0016

COTAS DE PARTICIPACIÓN

- **Queixerías (postos na nave principal): 30,00 €**
- **Resto de postos de alimentación (mel, pan, etc) (carpa exterior): 20,00 €**

* Nota: A queixería convidada e as entidades colaboradoras con localización determinada están excluídas do pagamento.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Moeche

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas relacionadas coa participación na VIII Feira do Queixo de Moeche.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na sede electrónica do Concello de Moeche.

Declaro que lin e coñezo a información básica sobre protección de datos persoais.

Moeche, de de 2026.

Sinatura da persoa solicitante:

Moitas grazas pola súa colaboración.

Para máis información: **correo@moeche.gal**

